

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN – INGLÉS – 4º ESO

Avaliación e cualificación	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos :</p> <p><b>1. <u>Probax obxectivas</u>:</b> compróbase por medio de exames ou controis o grao de manexo de:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Habilidades de comunicación lingüística: <u>reading</u> (comprensión lectora), <u>writing</u> (producción escrita), <u>listening</u> (comprensión oral) e <u>speaking</u> (expresión oral).</li> <li>• Habilidades de manexo na lingua estranxeira: <u>gramática</u>, <u>vocabulario</u>, <u>pronunciación</u>, <u>linguaxe funcional</u>.</li> </ul> <p><b>2. Tense moi en conta na cualificación final da 1ª avaliación os seguintes puntos:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b><u>Traballo diario</u>:</b> tarefas que o/a alumno/a ten que completar na casa, o traballo na clase, a participación individual na aula, o traballo colaborativo en parellas e en grupos, o uso da lingua estranxeira na aula, a utilización diaria que se fai do material necesario (libro do alumno, caderno de traballo, libro de lectura, libreta...).</li> <li>• <b><u>Actitude</u>:</b> a conduta positiva do alumno/a dentro da aula e nas dependencias do centro (cara a materia, os seus compañeiros/as e a profesora), o seu interese por aprender, o seu esforzo persoal no seu traballo e no uso do inglés durante as clases, a puntualidade na asistencia a clase, a participación activa nas actividades dentro e fóra da aula, o uso adecuado do material que necesite.</li> </ul> <p>O peso porcentual de cada unha destas partes na cualificación global da 1ª avaliación foi o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Probax obxectivas: 80%</li> <li>• Traballo diario e actitude: 20%</li> </ul>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Probax escritas e orais, traballo diario e actitude e comportamento.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Debido as circunstancias excepcionais que impediron a asistencia á clase dende o 16 de marzo e a realización das diferentes probax do segundo e terceiro trimestre, a cualificación final será:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- o 80% da nota da primeira avaliación</li> <li>- máis ata un máximo de 2 puntos do traballo diario de clase, deberes e actitude do segundo trimestre, ata a data de suspensión das clases presenciais.</li> <li>- máis ata o máximo dun punto polas tarefas realizadas durante o 3º trimestre.</li> </ul> <p>Excepcionalmente, xa que non se realizará o exame global previsto na programación, os alumnos e as alumnas que teñan unha cualificación negativa, poderán aprobar a materia mediante a avaliación das actividades de reforzo realizadas durante o confinamento.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	<p>En setembro realizarase unha proba extraordinaria obxectiva para aqueles alumnos e alumnas que tiveron unha cualificación negativa en xuño. Serán examinados exclusivamente sobre os contidos gramaticais, vocabulario, capacidade de comprensión lectora e de escritura traballados durante o período de clases presenciais.</p>

<p><b>Alumnado de materia pendiente</b></p>	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>O sistema para aprobar <b>inglés pendiente</b> do curso anterior é o seguinte:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Os alumnos e alumnas fixeron no primeiro trimestre do curso actual un 1º <b>traballo de recuperación</b> que lles facilitou a profesora. A profesora corrixiu o traballo e informou ao alumno ou alumna da nota acadada (ata un punto).</li> <li>2. Os alumnos e as alumnas fixeron unha proba de avaliación, coa metade dos contidos da materia pendiente. Á nota acadada nesta proba, engadíuselle a do traballo do 1º trimestre.</li> <li>3. Os alumnos e alumnas terán que entregar antes do 22 de maio un <b>traballo de recuperación</b> que lles facilitou a profesora.</li> </ol>
	<p>Criterios de cualificación:</p> <p>A cualificación final será a media da nota acadada no primeiro trimestre (exame e 1º traballo de recuperación) e a nota acadada no 2º traballo de recuperación.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Probas e traballos.</p>
<p><b>Proba extraordinaria de setembro para o alumnado coa materia pendiente de 3º ESO</b></p>	<p>En setembro realizarase unha proba extraordinaria obxectiva para aqueles alumnos e alumnas que tiveron unha cualificación negativa en xuño. Serán examinados exclusivamente sobre contidos gramaticais, vocabulario, capacidade de comprensión lectora e de escritura.</p>